



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

ACTA DA REUNIÓN PARA A ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS ELECTORES NA XUNTA ELECTORAL.

DATA	17/01/2020. 13:30 h.
LUGAR	Sala de Xuntanzas da sede da Cámara Oficial Mineira de Galicia, A Coruña
ASISTEN	D. Isidoro Martínez Arca, Xefe Territorial de A Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria. D. Juan José Iglesias Suarez, Xefe de Servizo de Enerxía e Minas da Delegación Territorial de A Coruña. D. Diego López González, Secretario da Cámara Oficial Mineira de Galicia. D. Juan de Dios Martín Aparicio, Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia
ORDE DO DÍA	<ol style="list-style-type: none">1. Aceptación do nomeamento dos representantes da Administración Tutelar na xunta electoral.2. Nomeamento do secretario da xunta electoral.3. Elección dos representantes dos electores na xunta electoral.

1.- ACEPTACIÓN DO NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN TUTELAR NA XUNTA ELECTORAL.

En virtude do artigo 37 do Regulamento para o Réxime Interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia aprobado por resolución de aprobación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de data 05/04/2018 (en adiante RRI), a xunta directiva da Cámara acordou, en reunión de 24/10/2019, o nomeamento como representantes da Administración Tutelar na xunta electoral a D. Juan José Iglesias Suarez, Xefe de Servizo de Enerxía e Minas da Delegación Territorial de A Coruña e a D. Isidoro Martínez Arca, Xefe Territorial de A Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en calidade de Presidente da xunta electoral.

D. Isidoro Martínez Arca, acepta o nomeamento como representante da Administración Tutelar e Presidente da xunta electoral.

D. Juan José Iglesias Suarez, acepta o nomeamento como representante da Administración Tutelar na xunta electoral.

2.- NOMEAMENTO DO SECRETARIO DA XUNTA ELECTORAL.

En virtude do artigo 39 do RRI o Presidente da xunta electoral, D. Isidoro Martínez Arca, nomea ao Secretario da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en adiante COMG) secretario da xunta electoral con voz e sen voto.

D. Diego López González acepta o nomeamento como secretario da xunta electoral.



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

3.- ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS ELECTORES NA XUNTA ELECTORAL

Con data 24/10/2019 a xunta directiva da COMG acordou propoñer a todos os electores da Cámara como representantes dos electores na xunta electoral.

Dado o acordo do Presidente da COMG, D. Juan de Dios Martín Aparicio, de 16/01/2020, de apertura do proceso electoral e en virtude do artigo 39 do RRI, procedese ao sorteo para elección dos representantes dos electores na xunta electoral en número de un por cada grupo.

Signala o Secretario que o artigo 12 do RRI establece a clasificación dos socios da COMG en oito grupos.

Dado a necesidade da elixir a nove representantes dos electores, 3 titulares e dous suplentes por cada membro, o Presidente da xunta electoral ACORDA sortear entre os grupos, aquel disporá de disporá de dos representantes entre os nove elixidos.

Efectuado o sorteo noméanse aos seguintes representantes dos electores na xunta electoral:

Titular: General de Hormigones S. A. (Produtos de Canteira)
Suplente: Strategic Minerals Spain S.L. (Minerais Metálicos)
Suplente: Rocas, Arcillas y Minerales, S. A. (Minerais Industriais)
Titular: Tungsten San Finx S.L.U. (Investigación)
Suplente: Limeisa (Minerais Enerxéticos).
Suplente: Caldaría Termal, S.L.U (Augas Minerais)
Titular: Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste de España
(Actividades Afines)
Suplente: Canteras Fernández S.L., S.COM. CAFERSA (Rochas Ornamentais)
Suplente: Europizarras, S.A. (Investigación)

Sendo as 14:15 o Presidente da xunta electoral, D. Isidoro Martínez Arca, levanta a sesión.

A Coruña a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: O Secretario

Vº e Prace: O Presidente